

Introducción

Arturo Casas

O volume da produción científica no ámbito dos Estudos literarios en sentido amplo e nos máis específicos da Teoría da literatura e da Literatura comparada experimenta día a día unha medra que dificulta ao estudioso o seguimento das novidades bibliográficas, en particular cando estas transcenden o seu marco directo de intereses e especialización. A carón desta realidade, a apertura epistemolóxica do último tercio do século XX contribuíu a unha ampliación progresiva do espazo de observación que se debe atender. Son dous vectores de complexa convivencia, irreductíbeis entre si. Dunha parte, a especialización; doutra, a irrupción dun diálogo interdisciplinar que sen tregua sinala novos problemas e novos retos.

Esta *Bibliografía sistemática de Teoría literaria* quere prestar un servizo de documentación e de orientación á comunidade científica que traballa na área de coñecemento delimitada no título do repertorio, e aspira a facelo sen desatender ningún dos vectores salientados. Pero na concepción de partida os destinatarios non foron só os especialistas no eido da Teoría, senón tamén os investigadores do fenómeno literario nas súas múltiples vertentes, así como os estudantes universitarios de segundo e terceiro ciclos, que xa desde capítulos como “Recursos e fontes xerais” atoparán trazados para introducirse con algunhas garantías nos territorios que queren coñecer mellor.

Non será preciso lembrar a difusión que publicacións semellantes a esta acadaron no pasado recente. Na memoria de todos están achegas como as de Luis Alburquerque e Miguel Á. Garrido Gallardo, José Romera Castillo, William Baker e Kenneth Womack, Donald G. Marshall ou José Á. García Landa (esta última de acceso telemático). Un simple repaso das súas respectivas metodoloxías de traballo revelaría os meritorios logros de cada opción, que agora non hai que deterse a ponderar. Do que se trata é de ofrecer uns materiais e unha organización complementarios, cunha aposta firme a prol da sistematicidade e do diálogo co usuario.

Tendo en conta a pluralidade de destinatarios potenciais do traballo e o volume da información reunida (case seis mil quíñentas referencias, entre monografías, compilacións, artigos e *dossiers*), considerouse axeitada a modalidade coñecida como *bibliografía sistemática* ou *clasificada*. A idoneidade deste tipo de organización vén dada polas facilidades na pescuda e na localización de referencias, tanto se se trata dunha primeira aproximación a unha determinada zona de intereses coma se a consulta responde á necesidade de precisar as publicacións máis recentes sobre un certo asunto, a traxectoria investigadora dun autor concreto, as encrucilladas dun dominio específico, as revistas especializadas nunha certa esfera ou outros varios requirimentos. Non hai dúbida, no entanto, sobre as construcións que toda clasificación –calquera que sexa– ocasiona de seu, en particular se se fixer un uso pouco flexíbel das propostas sistematizadoras de partida.

A clasificación pola que aquí se optou é correlativa dunha certa maneira de entender os cometidos da Teoría da literatura na hora actual, pero asemade quixo ser respectuosa coa tradición académica desta área científica. Non impugna rumbos pero tampouco se deixa encistar por inercias. Neste sentido, convén declarar que a clasificación de contidos proposta mantén débedas coas distribucións temáticas dos programas oficiais das diversas materias das que é responsábel a área de Teoría da literatura e Literatura comparada da Universidade de Santiago de Compostela (USC), os cales, á súa vez, son froito inequívoco da *comprensión* da identidade disciplinar da Teoría da literatura no momento presente.

A clasificación suma un total de cincuenta e seis epígrafes organizados en sete sectores: “Deslindes”, “Historia da Teoría literaria”, “Elementos”, “A poesía”, “A narrativa ficcional”, “O teatro” e “O ensaio”. Intentouse sempre que a formulación fose diáfana e precisa, tanto para os rótulos de carácter xeral coma para os que particularizan aspectos. Segundo acaba de verse, catro dos sete sectores responden aos arxixéneros habitualmente recoñecidos nos Estudos literarios. Outro dedícase á historia da disciplina que centra a nosa atención, sen perder de vista a historiografía doutras disciplinas próximas (Crítica, Literatura comparada, Estética, Filoloxía...). O apartado “Deslindes” ten unha dimensión metodolóxica e epistemolóxica. Finalmente, en “Elementos” intégranse catorce epígrafes que presentan conceptos e/ou problemas básicos da Poética e da Teoría literaria. Entre eles, a ficción, os xéneros, a narratividade, a interpretación..., por referir algúns dos que cabe cualificar como *clásicos*. Ao seu carón aparecen así mesmo outros que se constituíron como lugares teóricos de xeito máis

serodio: o dialoxismo, a lectura, o sistema literario ou a intertextualidade, por exemplo.

Xa se suxeriu a conveniencia de entender a proposta de sistematización baixo criterios de flexibilidade. Engádese a iso o feito certo de estarmos perante unha rede propedéutica na que nocións e problemas aparecen a miúdo interconectados. Por isto mesmo será frecuente que unha determinada referencia bibliográfica se recomende para dous, tres ou máis apartados. Outras veces a cuestión radicarán para o usuario na ubicación concreta (sector e epígrafe) da cuestión que o moveu a consultar a bibliografía. ¿Onde localizar as referencias á éfrase ou á literatura epistolar? ¿Onde procurar orientación sobre os Estudos Poscoloniais ou a Mitocrítica? ¿A que paradigma se deberían vincular os Estudos Culturais ou a nova Socioloxía literaria? Certamente, o esforzo de concreción asumido no momento de seleccionar os epígrafes da bibliografía pode dificultar a resolución de dúbidas desa clase. Avaliouse a posibilidade de incorporar a cada capítulo unha especie de *thesaurus*, con explicitación dos contidos internos, pero é probábel que esa alternativa propiciase usos máis reduccionistas e menos dinámicos do que convén.

É habitual, doutra parte, que os autores de bibliografías apelen ao carácter non exhaustivo das súas propostas. Reiteralo aquí significaría entrar de cheo no terreo do tautolóxico. Malia sumar os seis milleiros longos de referencias xa mencionados, o labor de incorporación de fichas estivo guiado por un principio de selección do que pareceu recomendábel por uns ou por outros motivos, por unhas ou por outras circunstancias. Unha parte das referencias incorporadas foi manexada de xeito máis ou menos atento e continuado ao longo dos anos de experiencia profesional. Outra parte bastante ampla foi revisada e analizada a raíz de asumir o obxectivo de preparar este traballo, o cal garda proporción co feito de que unha porcentaxe elevada das referencias se poida localizar nas bibliotecas da nosa Universidade. Isto constitúe un novo punto de converxencia con outras publicacións da mesma familia. Outra cousa é, naturalmente, que existan erros de apreciación ou simples descoñecementos. Asumilos *a priori* non representa ningún esforzo, todo o contrario. Esa asunción implica ademais dous convencementos: en primeiro lugar, que este tipo de labores son de largo percorrido, razón pola que haberá que contar con revisións futuras, preferibelmente en marcos que supoñan un traballo en equipo; en segundo lugar, que o autor conta coa benevolencia do lector, quen saberá disculpar os erros que, por omisión ou por gracia, vaian comparecendo perante o seu raciocinio ou a súa sensibilidade.

A propósito da falta de exhaustividade importa unha segunda observación. As linguas de redacción dos traballos que se recollen son no fundamental as románicas máis próximas (as ibéricas xunto con francés e italiano) e o inglés. Débese isto a que esas son as linguas de acceso corrente para a maioría dos usuarios. Por outra parte, prescindíuse das referencias que se poden consultar en internet, criterio que haberá que reconecer como potencialmente controvertido. As razóns que cabería aducir en defensa da opción tomada teñen que ver coa natureza dinámica da rede, ela mesma moi apropiada para unha indagación *ad hoc* a través dos motores de busca habilitados por diversas empresas e institucións, ou mercé ás ligazóns entre páxinas vinculadas a unha mesma esfera de investigación (sobre recursos telemáticos e revistas electrónicas falei con máis vagar noutros lugares: Casas 1999c e 2002). Dous puntos de partida posíbeis son a páxina da área de Teoría da literatura e Literatura comparada da USC (<http://web.usc.es/~teoria>) e a do *Diccionario de termos literarios* do Equipo Glifo (<http://www.cirp.es/res/dtl>).

As referencias bibliográficas ordenáronse alfabeticamente a partir do(s) apelido(s) do autor tal e como este(s) figura(n) na edición da que se trate –de aí a diversidade de transliteracións recollidas para os autores de procedencia eslava (p.e.: Sklowski, Shklowski, Sklowskij...), que se agruparon, en calquera caso, coa finalidade de limitar posíbeis equívocos– e, como segundo criterio, polo ano da edición orixinal do libro ou revista cando se conseguiron todos os datos da mesma. Para a ordenación dos apelidos compostos ou precedidos por partícula conectiva atendéronse criterios de ortografía técnica pendentos das especificidades de cada lingua. Eses mesmos criterios primaron na fixación de exónimos para a cidade de edición. A orde interna prioriza os traballos de autoría sobre os de edición ou coordinación, de modo que estes deberían aparecer sempre despois de aqueles con independencia de que se publicasen con anterioridade ou posterioridade. Se dun autor se recollen publicacións individuais e tamén colectivas, as primeiras figuran antes, tanto se son da súa autoría específica coma se responden a labores de edición ou coordinación.

Cando era do caso e se conseguiron todos os datos precisos, incorporouse entre corchetes, na parte final da referencia, a existencia de traducións a linguas en principio máis próximas que a de orixe, así como precisións sobre as edicións inicial ou última e outras particularidades. Este tipo de claves só se explicitaron na relación bibliográfica xeral que pecha o volume. Antes, na parte clasificatoria, só se fixo constar cabo do(s) apelido(s) do(s) autor(es) o ano que serviu de pauta para a ordenación da bibliografía xeral, seguido ou

non –depende da necesidade– de letras discriminatorias entre distintos traballos publicados nun mesmo ano polo mesmo autor. Deste, faládomos aínda da parte clasificatoria, figura(n) só o(s) seu(s) apelido(s), a non ser que haxa varios autores que o(s) compartan. Nesa circunstancia decidiuse sumar a inicial do nome (se tamén aí houber coincidencia, irá o nome completo). No que respecta aos libros colectivos, cando o seu interese se considerou global a referencia vai polo nome do(s) seu(s) coordinador(es), editor(es) ou director(es), evitándose en consecuencia a cita polo nome do colaborador que abre o volume e tamén o detalle de todos e cada un dos traballos reunidos ou recadados.

O capítulo de recoñecementos é tan necesario coma grato. Durante sete cursos académicos, sucesivamente nos campus de Lugo e Compostela, formei parte de Comisións Delegadas de Biblioteca, funcións ás que na Facultade de Filoloxía da USC se sumou no periodo 1994-1999 a coordinación de adquisicións de libros do departamento de Literatura Española, Teoría da literatura e Lingüística xeral. Estes labores propiciaron unha relación de traballo directa e moi proveitosa cos directores das Bibliotecas do Colexio Universitario de Lugo, Xosé M. Couso Arias, e da Facultade de Filoloxía de Santiago, Pilar del Oro Trigo, respectivamente nas etapas 1988-1994 e 1994-2000; así como tamén cos técnicos bibliotecarios Pilar Díez Jambrina, encargada de Adquisicións na Facultade de Filoloxía, e Alicia Fernández Vegas, Francisco J. Redondo Abal e Nieves Rodríguez Díez, do departamento de Catalogación do mesmo centro. Deixar neste momento constancia pública de agradecemento polas facilidades derivadas da súa profesionalidade e amabilidade é o mínimo que corresponde. Ese recoñecemento esténdese por suposto ao persoal auxiliar de ambas bibliotecas e doutras da USC. Tamén a Elena Mera, eficaz colaboradora nas tarefas mecanográficas durante o primeiro trimestre do curso académico 1997-1998. E a Inone Depretto, *nec mortale sonans*.

Expreso a gratitude máis cordial a Víctor Casas pola cesión de obras da súa autoría para ilustrar este número especial do *Boletín Galego de Literatura*, compañía que fai realidade un vello soño.

Fíxose mención da confluencia desta bibliografía coa práctica académica da área de Teoría da literatura e Literatura comparada da USC. As débedas contraídas cos membros do grupo ao efecto da preparación do traballo actual son, por esa mesma razón, de gran calado. Comezan polo meu mestre, o Prof. Darío Villanueva, e teñen continuidade na axuda prestada polos Profs. Anxo Abuín González, Carmen Becerra Suárez (da Universidade de

Vigo), Fernando Cabo Aseguinolaza e Ángeles Rodríguez Fontela, acredores todos de fonda gratitude. O meu sincero recoñecemento chega tamén ás oportunas complementacións derivadas dos ámbitos de especialización respectivos dos Profs. Silvia Alonso Pérez, Luís M. Fernández Fernández, Santiago Fernández Mosquera, Miguel Á. Gómez Segade, Belén López Meirama, Anxo Tarrío Varela e Luz Zas Varela.

O agradecemento ao Prof. Tarrío Varela transcende o ámbito que se acaba de detallar. Debo á súa xenerosa acollida nas páxinas do *Boletín Galego de Literatura* a posibilidade de que a bibliografía chegue aos lectores e por tanto cobre existencia pública. Tamén que, no marco do proxecto *Diccionarios de literatura*, que dirixe no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e máis en concreto no ámbito das tarefas emprendidas polo Equipo Glifo (Grupo Compostelán de Investigacións Semióticas e Literarias), poida chegar a materializarse no futuro unha colaboración que converta a presente bibliografía en patrimonio conxunto do grupo, de maneira tal que se produza unha beneficiosa converxencia cos obxectivos aos que responde o *Diccionario de termos literarios*, non só na súa formulación actual –no dobre formato impreso e electrónico– senón tamén na xa próxima como base de datos. Iso facultaría, de por parte, a conveniente actualización dos rendementos que a bibliografía poida fornecer a quen a use.

Vaia precisamente para os lectores e usuarios a derradeira beizón. En especial para os meus alumnos e alumnas, a quen quero dedicar esta *Bibliografía sistemática de Teoría literaria*, da que moito me compracería que tirasen algún proveito.

Arturo Casas <tlcasas@usc.es>
Compostela, xaneiro de 2002